



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter
Galego_ Marzo 2019

CONSORCIO DE SANTIAGO |

O Consorcio de Santiago celebra a súa Comisión Executiva

O Consorcio de Santiago aprobou na súa Comisión Executiva asuntos de xestión orzamentaria e avanzou na tramitación de diversos convenios relacionados coa exposición do legado do pintor Carlos Maside, a elaboración do Plan Especial de Conxo e a colaboración con Afundación para unha exposición relativa á “imaxe nas Festas do Apóstolo”. Ademais, tomáronse decisións ligadas á posta en marcha da administración dixital do organismo e á protección de datos.



PUBLICACIÓNS |



Dúas novas publicacións coeditadas polo Consorcio: “As orixes da fotografía en Galicia” e “Rumores de Compostela”

O Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora publicaron *As orixes da fotografía en Galicia*, unha obra do fohistoriador Carlos Castelao que recolle a historia dos pioneiros desta arte, 24 fotografías e fotógrafas con estudo propio na Compostela do século XIX. E con Auga Editora publicouse *Rumores de Compostela*, un libro no que o escritor Xosé A. Perozo presenta doce historias baseadas en antigos misterios da cidade.

EXPOSICIÓNS |

As mulleres do Mercado de Abastos, nunha exposición na Casa do Cabido

“Elas, retrato dun mercado” é a nova exposición da Casa do Cabido. Reúne 40 fotografías realizadas polo compostelán Manuel Blanco, protagonizadas polas mulleres do Mercado de Abastos de Santiago. A través desta iniciativa preténdese reivindicar o papel da muller tradicional galega.



MÚSICA |

A Real Filharmonía de Galicia ofrecerá seis concertos en abril

O 4 en Vigo, o 5 en Santiago e o 6 na Coruña, estreárase a obra *Sálvora* do compositor galego Xabier Mariño, un encargo da RFG para esta temporada, seguindo co propósito da orquestra de apoiar a novos compositores da comunidade. Ademais, será a estrea en España de *Scenes from Schumann* de R. Holloway. Pola súa parte, o pianista estadounidense Nicholas Angelich interpretará a Schumann, baixo a batuta de Paul Daniel.

O 17 regresará Paul Daniel para homenaxear a Andrés Gaos no 60º aniversario do seu falecemento, con algunhas das súas cancións máis populares na voz da mezzosoprano Marta Infante; ademais, a violinista coreana Ye-Eun Choi tocará o *Concerto para violín* de Alban Berg. O 25 en Santiago e o 26 en Vigo porase por primeira vez á fronte da orquestra a directora coreana Eun Sun Kim.



Eun Sun Kim dirixirá a RFG



Concertos “A Escola na Cidade”

A Escola de Altos Estudos Musicais inicia unha nova edición do ciclo de concertos “A Escola na Cidade”. O primeiro será unha actuación da orquestra do Curso de Especialización Instrumental dirixida por Maximino Zumalave, o 30 de marzo no auditorio da EAEM, ás 21 horas. Os alumnos do Curso Avanzado de Especialización Orquestral protagonizarán varios concertos de cámara no Paraninfo da USC o 8, 9 e 10 de abril, ás 20:30 horas. As entradas destes concertos son gratuítas ata completar o aforo.